

Consello de Contas
de Galicia



**DIRECTRICES TÉCNICAS PARA A AVALIACIÓN
DO CONTROL INTERNO NAS ENTIDADES
PÚBLICAS**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	1
I.1. MARCO NORMATIVO	1
I.2. O CONTROL INTERNO. IMPORTANCIA NAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS E MODELOS DE AVALIACIÓN	2
II. OBXECTIVO	4
III. ENFOQUE	4
IV. ALCANCE	5
V. PROCEDEMENTO PARA A VALORACIÓN DO CONTROL INTERNO	10
VI. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO	11
VI.1. PLANIFICACIÓN	12
VI.2. EXECUCIÓN	13
VI.3. INTEGRACIÓN E PRESENTACIÓN DE RESULTADOS	13
VII. CUESTIONARIOS	15
VII.1. CONTORNO DE CONTROL	15
VII.2. AVALIACIÓN DE RISCOS.....	16
VII.3. ACTIVIDADES DE CONTROL.....	17
VII.4. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.....	18
VII.5. SUPERVISIÓN	19

I. INTRODUCCIÓN

I.1. MARCO NORMATIVO

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, atribúe a esta Institución competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito da actividade económico-financeira do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.¹

No exercicio destas competencias, o Consello colaborará coas entidades do sector público na elaboración de instrumentos internos de xestión de riscos, no deseño e implantación dos sistemas de prevención da corrupción, e na avaliación de xeito sistemático dos plans de prevención de riscos de corrupción que se adopten.

Así o establece o artigo 52 do Regulamento de réxime interior do Consello cando desenvolve o contido da función de prevención da corrupción, sinalando que no exercicio daquela *“o Consello de Contas colaborará coas Administracións suxeitas ao seu ámbito de actuación, propoñendo a implantación de sistemas de prevención e a elaboración de manuais de xestión de riscos da corrupción,...”*

O artigo 54.3 do Regulamento establece que *“Os plans de prevención de riscos de corrupción deberán conter información pertinente, confiable e relevante, comunicada en tempo e forma, e os sistemas de seguimento do control interno para garantir a súa efectividade a través do tempo, tendo en conta, en todo caso, os seguintes aspectos:*

- a) Un contorno de control que fomente a integridade e valores éticos do persoal e unha estrutura organizativa que defina a asignación de responsabilidades.*
- b) A avaliación dos riscos de corrupción máis relevantes para efectos de incumprimentos da normativa aplicable ou da presentación de información económico-financeira fidedigna.*
- c) Actividades de control para a detección e prevención de tales riscos.”*

Na liña metodolóxica da Organización Internacional de Entidades Fiscalizadoras Superiores (INTOSAI) –segundo a cal as tarefas destas entidades inclúen a avaliación do funcionamento do sistema de control interno–, o artigo 53.1 do Regulamento establece que:

¹ Sector Público conformado polas entidades enumeradas no artigo 2 da Lei do Consello de Contas

"A Sección de Prevención da Corrupción solicitará ás Administracións e entidades públicas suxeitas ao ámbito de actuación do Consello de Contas información sobre os seus sistemas de prevención da corrupción, e comprobará a idoneidade do deseño e a implantación das políticas de integridade.

Para estes efectos, desenvolverá actuacións de avaliación do control interno implantado e das medidas adoptadas para garantir a execución ética, económica e eficiente das operacións desenvolvidas, para preservar os recursos fronte a posibles perdas por mala xestión, erro ou fraude, e para respectar o cumprimento da normativa aplicable e garantir a adecuada rendición de contas".

I.2. O CONTROL INTERNO. IMPORTANCIA NAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS E MODELOS DE AVALIACIÓN

O concepto de control interno

O control interno converteuse nunha parte esencial para conducir as actividades cara ao logro de obxectivos e metas institucionais de calquera organización. A existencia dun control interno sólido constitúe un dos elementos clave na prevención da corrupción.

Os inicios do control interno identifícanse, principalmente, na contabilidade, así como nos aspectos de planificación da auditoría de estados financeiros. Os controis contables e administrativos enfocábanse, fundamentalmente, a garantir que o proceso de presentación de informes financeiros estivese libre de información fraudulenta, polo que era fundamental a comprobación e verificación de cifras e soportes contables.

Actualmente, o concepto de control interno transformouse nun concepto amplo que abarca toda a organización e non soamente as áreas financeiras.

Defínese como un compoñente integrado e continuo de procesos desenvolvidos por persoas que asumen a responsabilidade da súa xestión e destinado a proporcionar unha seguridade razoable na consecución dos obxectivos da institución. Pónse énfase no cumprimento das metas e obxectivos institucionais, na prevención dos riscos que, de materializarse, poden afectar a aqueles adversamente, e no establecemento dun ambiente propicio á ética e integridade no manexo dos recursos.

Os modelos de avaliación

No ámbito da auditoría, a avaliación dos sistemas de prevención da corrupción xa conta con criterios técnicos e unha metodoloxía especializada (COSO, INTOSAI, IFAC) relacionada coa análise dos

procesos internos para administrar riscos e acadar os obxectivos establecidos polas organizacións. Tradicionalmente, o estudo do control interno das entidades fiscalizadas constitúe unha das primeiras fases dos traballos de fiscalización.

A Organización Internacional de Entidades Fiscalizadoras Superiores (INTOSAI), ao emitir e actualizar as Normas de control interno do Sector Público (ISSAI 9100, 9110 e 9120), incluíu o marco integrado de control interno de COSO, que considera que no sector público o control interno eficaz é un elemento crítico no mantemento da confianza pública na capacidade do Goberno para administrar os recursos e a prestación de servizos públicos.

Segundo o informe COSO², o control interno das organizacións é unha responsabilidade dos órganos de goberno da alta dirección, que deben establecer un modelo de control interno que integre a xestión de riscos. O control interno é un proceso realizado polo órgano de dirección ou outro persoal da entidade, deseñado para proporcionar unha seguridade razoable respecto á consecución dos obxectivos da organización (eficacia e eficiencia nas operacións, fiabilidade da información financeira, e cumprimento das leis e demais normas aplicables).

Na mesma liña, para as normas de INTOSAI³ o control interno do sector público é un proceso integral efectuado pola xerencia e o persoal deseñado para afrontar os riscos e dar unha seguridade razoable da consecución dos obxectivos da entidade (execución ética, eficaz e eficiente das operacións, cumprimento das leis e demais normas aplicables, e salvagarda dos recursos para evitar perdas ou mal uso).

As entidades de control externo xogan un rol importante no proceso de control interno. Aínda que as Entidades Fiscalizadoras Superiores non son responsables do deseño e posta en marcha do sistema de control interno, poden contribuír a que a organización acade os seus obxectivos ou poden prover información útil para mellorar ese control mediante a súa avaliación.

A avaliación do funcionamento do sistema de control interno implica necesariamente:

- Determinar a importancia e o grao de sensibilidade do risco ao que os controis están sendo dirixidos.
- Valorar a susceptibilidade do mal uso de recursos, as fallas relacionadas cos obxectivos de ética, economía, eficiencia e eficacia ou os erros ao cumprir coas obrigas de contabilidade, e o non cumprimento das leis e regulacións.
- Identificar e comprender os controis relevantes.

² COSO: Committee of Sponsoring Organizations of the Treadway

³ INTOSAI: Organización Internacional de Entidades Fiscalizadoras Superiores

Directrices técnicas avaliación control interno

- Avaliar se o deseño do control é adecuado.
- Determinar, a través de probas, se os controis son efectivos.
- Informar sobre a avaliación do control interno e discutir as accións correctivas necesarias.

II. OBXECTIVO

O obxectivo destas directrices técnicas é elaborar un modelo de avaliación do control interno para ser aplicado ás institucións do sector público autonómico, co obxecto de identificar o contorno de control e políticas de integridade nas que se executan os recursos públicos, e propor accións de mellora para fortalecer os seus sistemas e as actividades de control para a prevención de riscos da corrupción.

III. ENFOQUE

No desenvolvemento do modelo de avaliación do control interno, consideraranse os seguintes aspectos:

- As normas de control interno do Sector Público (ISSAI⁴ 9100, 9110 e 9120) da INTOSAI incluíron o marco integrado de control interno de COSO, que considera que no sector público o control interno eficaz é un elemento crítico no mantemento da confianza pública na capacidade do Goberno para administrar os recursos e a prestación de servizos públicos.
- A Lei e o Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, así como as novas normas técnicas de auditoría voluntariamente asumidas pola Institución, que apuntan na liña metodolóxica de INTOSAI, de avaliación do funcionamento do sistema de control interno.
- A análise da estrutura e organización das entidades públicas obxecto do ámbito de actuación do Consello e do seu marco xurídico de actuación, co fin de identificar o universo de institucións nas que se pode aplicar o modelo de avaliación, así como as responsabilidades, roles e actividades de control interno nestas organizacións.

O deseño do modelo de avaliación inclúe un instrumento de valoración (cuestionario), os parámetros cuantitativos e cualitativos para a valoración das respostas do cuestionario e as súas evidencias, así como os criterios para determinar o grao da implantación dos marcos de control interno.

⁴ Normas Internacionais de Entidades Fiscalizadoras Superiores

IV. ALCANCE

O modelo contido neste estudo permitirá avaliar a implantación dos sistemas de control interno nas institucións públicas, con base nos cinco compoñentes do control: Contorno de Control, Avaliación de Riscos, Actividades de Control, Información e Comunicación, e Supervisión.

O propósito é determinar o establecemento dos devanditos compoñentes, identificar posibles áreas de mellora e suxerir accións que fortalezan os sistemas de control interno co fin de incidir na súa eficacia.

Polo que respecta ás entidades obxecto de avaliación, serán definidas polos programas de actividades e plans de traballo aprobados pola Institución.

Os compoñentes do control constitúen actuacións que deben levar a cabo as entidades públicas. A revisión a realizar polo Consello de Contas consistirá en verificar a súa existencia e efectiva implementación:

Cadro 1. Compoñentes do control interno

CONTORNO DE CONTROL	AVALIACIÓN DE RISCOS	ACTIVIDADES DE CONTROL	INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES
Política de integridade institucional	Obxectivos e actividades relacionadas	Definición e segregación de funcións	Calidade da información	Alcance e frecuencia
Estrutura organizativa e responsabilidades	Análise de riscos	Rexistro de transaccións significativas	Cauces de comunicación	Metodoloxía
Compromiso coa competencia profesional	Mapa de riscos coas medidas correctoras a adoptar	Existencia de controis	Información interna e externa	Documentación
Filosofía da dirección cara ao apoio control interno				
Política de RR.HH.				

A primeira avaliación centrarase de forma máis relevante na avaliación do contorno de control e políticas de integridade, na identificación das actividades relevantes susceptibles de riscos de corrupción e na verificación da idoneidade das actividades de control para a prevención deses riscos.

Directrices técnicas avaliación control interno

- *Contorno de Control*

A avaliación ten por obxecto identificar se se estableceron as normas, procesos e estruturas que proporcionan as bases para levar a cabo o control interno na entidade. O contorno de control outorga disciplina e estrutura para apoiar ao persoal na consecución dos obxectivos institucionais e de prevención da corrupción. Os elementos a constatar son:

a) A política de integridade institucional, que comprenda:

- Un marco adecuado de normas e regulamentos en consonancia coa normativa de transparencia, acceso á información pública e rendición de contas e que abarque todas as áreas de actividade susceptibles de corrupción (contratación pública...); así como un marco de regulación interna (políticas, procedementos, protocolos) que desenvolva aquela.
- Un código ético que estableza os valores da organización, a obriga de seguilos, as canles de denuncias e os sistemas de xestión de conflitos de intereses, así como un comité de revisión para resolver as cuestións que se susciten e avaliar o seu cumprimento.
- Un uso da administración electrónica que estandarice os procedementos e permita rastrexar tódalas decisións e accións e que sexa coherente co esquema nacional de seguridade e coas normas do esquema nacional de interoperabilidade.

b) A adecuación da competencia profesional esixida ao persoal coa responsabilidade das tarefas que ten encomendadas.

c) A orientación da filosofía da dirección cunha actitude de apoio permanente cara ao control interno, a independencia, a competencia e o liderado.

d) A definición dunha estrutura organizativa coas áreas claves da entidade e a asignación de responsabilidades, incluída a de prevención da corrupción.

e) As políticas e prácticas de recursos humanos orientadas ao mérito, capacitación e rotación, como un aspecto importante do control interno.

- *Avaliación de Riscos*

A avaliación de riscos é o proceso de identificación e análise dos riscos aos que se enfrenta a entidade na procura do cumprimento dos seus obxectivos, así como de deseño das respostas apropiadas a aqueles.

O cuestionario trata de coñecer se se conta cun proceso para identificar e analizar os riscos que puidesen impedir o cumprimento dos obxectivos da entidade, así como prover as bases para

desenvolver respostas apropiadas ao risco que mitiguen o seu impacto en caso de materialización. Para iso, avaliarase:

- a) Se existen uns obxectivos institucionais consistentes coa estratexia da organización que sirvan para a identificación, valoración e avaliación de riscos, en especial os riscos de prevención da corrupción.
- b) Se se teñen tomado medidas para identificar as áreas de actividade especialmente vulnerables á corrupción.
- c) Se existe unha identificación dos riscos que ameazan as actividades e obxectivos clave da organización, incluídos os riscos de fraude ou corrupción, así como unha valoración daqueles coa estimación da súa importancia, probabilidade de que ocorra, e tolerancia ao risco da organización.
- d) Se se ten elaborado un mapa de riscos que permita identificar os aspectos aos que se debe prestar atención, co desenvolvemento *de* respostas ou medidas correctoras a implantar. Os controis apropiados involucrados poden ser de detección e/ou de prevención. Aínda que na gran maioría das áreas de actuación de calquera organismo público poden existir riscos de corrupción, algunhas áreas⁵ de actuación están máis expostas que outras a riscos para a integridade. Estes riscos poden xurdir de factores externos, internos ou individuais⁶.

- *Actividades de Control*

Trátase de identificar as accións establecidas pola entidade, mediante políticas e procedementos, para responder aos riscos que puidesen afectar ao cumprimento e logro dos obxectivos. Estas actividades de control débense levar a cabo en todos os niveis da entidade, nas distintas etapas dos procesos e nos sistemas de información.

⁵ Con carácter enunciativo, relaciónanse a continuación algunhas funcións e situacións que poden xerar oportunidades de corrupción: administración de recursos públicos (contratos, subvencións, manexo de efectivo, alleamento de patrimonio); funcións de regulación, inspección e sanción; autorizacións urbanísticas; xestión de persoal; relacións con organizacións e profesionais que representan intereses privados (lobbies).

⁶ Son factores externos aqueles que están fóra do control do organismo, como a presenza de persoas ou organizacións externas que poidan ter interese en ofrecer beneficios ilexítimos a certo persoal público a cambio dalgunha acción ou omisión. Son internos os factores baixo o control do organismo, resultado das súas accións ou omisións. Entre eles inclúense as debilidades nos mecanismos de seguridade, na supervisión, o control e a auditoría interna, así como a xestión inadecuada de contratos e das relacións cos provedores. Os organismos deben garantir que dispoñen de políticas, sistemas e procedementos definidos, así como de mecanismos adecuados de supervisión e control, no marco dunha xestión sólida. Son factores individuais aqueles moi específicos que poderían motivar a algún empregado a cometer accións corruptas. Inclúe situacións diversas, como necesidades financeiras imperiosas, derivadas de débedas, de adicións ou de problemas persoais, ou presións do seu contorno familiar, político ou de amizades. Así mesmo, unha situación de grave insatisfacción co traballo ou coa organización, ou ben unha percepción de agravio comparativo inxusto, poderían facilitar que algún empregado adoptase comportamentos impropios.

Directrices técnicas avaliación control interno

As actividades de control danse en toda a organización, en todos os niveis e en todas as funcións. Inclúen unha gama de actividades de control de detección e prevención tan diversas como:

- a) Se están definidas por escrito as políticas e procedementos para o control das actividades: políticas de control, segregación de funcións, conclusións e verificacións, e restrición de accesos.
- b) Se os procedementos deseñados para calquera transacción diferencian as distintas fases da xestión e contemplan unha segregación de funcións adecuada en todos eles. Comprobarase, ademais, se dita segregación está acompañada dun control exercido por persoas distintas dos participantes directos en cada fase da xestión.
- c) Se os procedementos establecidos prevén o rexistro inmediato e oportuno das transaccións e dos feitos significativos, se posibilitan que os rexistros se realicen polos importes e nas datas en que se produciron, e garanten tanto a debida clasificación e soporte documental como a súa dispoñibilidade permanente aos efectos de ser verificados. Cando se trate de rexistros en soporte informático, deberá comprobarse tamén que o sistema ofrece garantías de invariabilidade e permanencia.
- d) A existencia de controis físicos e de sistemas de autorización que teñan como finalidade a salvagarda de activos e o acceso aos diferentes rexistros, programas e datos.
- e) Se existen actividades de control específico para a información tecnolóxica: política de seguridade escrita, categorización de sistemas, control de accesos, medidas de seguridade e continuidade dos servizos externos contratados.
- f) A existencia de sistemas de detección como canais de denuncias ou auditorías internas e actividades correctivas (investigacións e sancións) como complemento necesario para as actividades de control na procura do logro dos obxectivos (xa contemplados no compoñente 1).

- *Información e Comunicación*

A información é necesaria para que a entidade cumpra coas súas responsabilidades de control interno para o logro dos seus obxectivos. A información relevante debe ser elaborada, identificada, rexistrada e comunicada polas canles establecidas e en tempo que permita que o persoal leve a cabo as súas funcións e cumpra coas súas responsabilidades. A comunicación efectiva debe fluír tanto cara abaixo como cara arriba da organización.

Verificarase:



- a) Se os sistemas prevén a elaboración de informes que conteñan información pertinente e de calidade de actividades financeiras e non financeiras, así como información relacionada co cumprimento dos obxectivos institucionais e anticorrupción.
- b) Se existen mecanismos que faciliten o fluxo vertical, horizontal e transversal da información no interior da entidade, e que a información de integridade relevante chegue aos niveis máis altos da entidade.
- c) Se existen canles para captar a información externa relevante e canles formais de comunicación con provedores, contratistas, ou outras entidades que poidan contribuir á calidade e deseño das funcións e á información das normas éticas que rexen na entidade. Así mesmo, comprobarase se na información externa transmitida a terceiros se cumpren as obrigas legais de transparencia, rendición de contas e acceso á información. Supervisarase a precisión, exactitude, relevancia e accesibilidade dos datos.

- *Supervisión de Actividades*

A supervisión do sistema de control interno é esencial para asegurar que se mantén aliñado cos obxectivos institucionais, o contorno operativo, o marco legal aplicable, os recursos asignados e os riscos asociados ao cumprimento dos obxectivos.

Avaliarase:

- a) Se a institución desenvolve coa adecuada periodicidade autoavaliacións e avaliacións independentes para determinar se os elementos do control interno e anticorrupción están presentes e están en funcionamento.
- b) Se se analizan, documentan e comunican oportunamente as deficiencias dos controis anticorrupción e outras debilidades do control interno ás partes responsables de tomar accións correctivas, incluíndo aos mandos directivos e aos órganos de goberno.

V. PROCEDIMIENTO PARA A VALORACIÓN DO CONTROL INTERNO

Criterios de valoración

Para valorar a implantación do sistema de control elaborouse un cuestionario dirixido á persoa responsable ou aquela designada pola institución co fin de recompilar datos e información respecto do sistema de control interno establecido e, no seu caso, a evidencia documental correspondente mediante a resposta obtida.

O cuestionario está deseñado con preguntas (cuestións/criterios de avaliación) que abranguen os cinco compoñentes do control interno. A asignación de puntuacións a cada pregunta realizarase mediante a aplicación do check list correspondente, no que se establecen as evidencias a obter.

Deberanse analizar tanto as respostas como a documentación e información que se proporcione como evidencia, e asignar unha puntuación a cada pregunta/criterio de avaliación conforme as seguintes regras:

- Asignarase un punto a cada resposta positiva do check list.
- A puntuación total de cada pregunta/criterio de avaliación asignarase en función da porcentaxe de respostas positivas sobre o total.
- Para a súa cumprimentación, marcarase a casilla que corresponda á valoración estimada respecto de cada pregunta. Deste xeito, a puntuación mínima (1) significa a negación absoluta da cuestión formulada, mentres que a puntuación máxima (5) equivale a unha afirmación sen dúbidas daquela.

Cadro 2. Cuestións/criterios de avaliación

CUESTIÓN/ Criterios de avaliación	PUNTUACIÓN				
	1	2	3	4	5
2.1. ¿A institución conta cun documento de planificación no que se establezan os seus obxectivos ou metas estratéxicas ou operativas vinculados á normativa que regula as súas funcións?					

A valoración global no conxunto dos compoñentes determínase nunha escala de 1 a 100 puntos, en función da ponderación que se outorgue a cada un dos cinco compoñentes do control interno e da puntuación a cada pregunta/criterio de avaliación.

Cadro 3. Ponderación de valores por compoñente e pregunta

Compoñente	Nº de preguntas	Valor por pregunta (puntos)	Valor total das preguntas por compoñente (puntos)
1. Contorno de control	24		
2. Avaliación de riscos	10		
3. Actividades de control	11		
4. Información e comunicación	3		
5. Supervisión de actividades	5		
Totais	53*		

*(Total a axustar en función do número de preguntas finais que se determinen)

Rangos de valoración

En función dos resultados da valoración das respostas, pode determinarse o nivel de implantación dos elementos do sistema de control interno, tanto nunha avaliación total como por compoñente, conforme aos seguintes rangos:

Cadro 4. Táboa de rangos para a avaliación da implantación do sistema de control interno

Total	Por compoñente	Nivel implantación	Significado
0 a 15	0 a 5	INEXISTENTE	Sistema de control interno inexistente ou con serias deficiencias
16 a 39	6 a 10	BAIXO	Sistema de control interno con serias limitacións a subsanar. Require da execución dun plan de mellora
40 a 69	9 a 15	MEDIO	Sistema de control interno con aspectos que precisan dun maior desenvolvemento e que deben ser identificados para ser corrixidos
70 a 100	16 a 20	ALTO	Sistema de control interno razoablemente definido na maior parte dos seus aspectos materiais. É importante fortalecer a súa autoavaliación e mellora continua

VI. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO

Coa finalidade de seguir de forma ordenada a avaliación do control interno, distinguimos tres etapas: planificación, execución, e integración e presentación de resultados.

VI.1. PLANIFICACIÓN

Na planificación deben considerarse os seguintes aspectos:

1º) Determinación das institucións e alcance da avaliación do control interno

Debe determinarse o alcance da avaliación do control interno respecto do número de entidades nas que se aplicará o cuestionario.

2º) Recopilación preliminar de información sobre os aspectos básicos e identificación da normativa aplicable ás institucións nas que se realizará a avaliación de control interno

Suxírese identificar:

- As normas de carácter legal, regulamentario e de autorregulación que sexan aplicables.
- As competencias, responsabilidades ou funcións establecidas na normativa.
- As disposicións ou acordos que regulan os aspectos internos da institución en materia de ética, conduta e integridade; programación e orzamento; recursos humanos; e contratación.
- A normativa aplicable en materia de control interno e administración de riscos.

3º) Adaptación do cuestionario para a avaliación do control interno

Realizáranse as adecuacións que esixa o cuestionario en atención ás características específicas e ámbitos das institucións nas que se realizará a avaliación, en función da tipoloxía da institución, estrutura e normativa aplicable.

4º) Entrevista cos responsables da entidade e comunicación formal do inicio dos traballos

Concertárase unha entrevista cos responsables da entidade para a presentación da finalidade e obxectivos do traballo e efectuar a comunicación formal do inicio daqueles.

VI.2. EXECUCIÓN

1º) Aplicación do cuestionario de control interno

A institución suxeita á avaliación, a través do responsable asignado, debe contestar e remitir ao Consello o cuestionario terminado e entregar os soportes documentais requiridos.

Nas primeiras avaliacións resulta imprescindible acompañar aos responsables de contestar o cuestionario no rexistro das respostas, así como na achega das evidencias⁷, e resolver calquera dúbida que poida suscitar o cuestionario.

2º) Análise e valoración das respostas do cuestionario de control interno e das súas evidencias

O auditor revisará que cada resposta afirmativa (SI) do cuestionario conte coa evidencia que soporte dita resposta, e analizará as evidencias, valorando os elementos que sustenten a autenticidade das respostas e dos resultados obtidos, así como a razoabilidade dos xuízos empregados.

Ademais, rexistrará a cualificación de cada pregunta, de conformidade cos criterios xa definidos anteriormente.

VI.3. INTEGRACIÓN E PRESENTACIÓN DE RESULTADOS

1º) Determinación de resultados, total e/ou por compoñente

Con base nas puntuacións obtidas na avaliación, determinarase a situación do sistema de control interno, total e por cada un dos cinco compoñentes, conforme aos rangos establecidos: inexistente, baixo, medio ou alto. Unha vez determinado o rango, deberase analizar e interpretar os resultados cuantitativos, mediante o exame das respostas do cuestionario e as súas evidencias.

⁷ A evidencia física vincúlase con aspectos relacionados coa existencia formal de obxectivos, plans, programas, políticas, normas, manuais administrativos, métodos, procedementos e sistemas de control, entre outros, considerando a congruencia dos obxectivos, a base legal, os programas, proxectos, actividades, recursos federais e as políticas co programa xeral de goberno vixente e os fixados pola institución pública. Isto reflíctese na valoración cualitativa e cuantitativa das respostas do cuestionario e as súas evidencias.

Directrices técnicas avaliación control interno

2º) Recomendacións e estratexias suxeridas para o fortalecemento do sistema de control interno

Con base nos resultados da avaliación (puntuacións, comentarios e observacións), deberanse identificar as áreas de mellora respecto da implantación de cada compoñente de control interno, así como as estratexias ou recomendacións para o fortalecemento do sistema de control interno.

En etapas posteriores, é importante dar continuidade e seguimento ás recomendacións sinaladas, para coordinar cos responsables das institucións a realización das accións de mellora.

3º) Presentación dos resultados da avaliación do control interno

Os resultados dos traballos plasmaranse nun estudo de avaliación do control interno dirixido a cada entidade que conteña as áreas de mellora e as estratexias e recomendacións suxeridas para o fortalecemento do sistema de control interno.

Os resultados individuais da avaliación integraranse nun estudo de diagnóstico dos sistemas de control interno, co universo e alcance da avaliación realizada.

VII. CUESTIONARIOS

VII.1. CONTORNO DE CONTROL

O contorno de control interno marca as pautas de comportamento da entidade e ten unha influencia directa na conciencia que teña o persoal sobre o control. Constitúe a base para os demais compoñentes do sistema de control interno, aportando disciplina e estrutura.

CUESTIÓN/ Criterios de avaliación	Puntuación				
	1	2	3	4	5
1. INTEGRIDADE E VALORES ÉTICOS					
1.1. ¿Dispón a entidade dunha política de ética e código de ética formalizado por escrito, aprobada polo órgano superior da entidade, e difundida entre o persoal afectado?					
1.2. ¿Dispón a entidade dun código de conduta suficientemente amplo, e se refire aos conflitos de intereses, pagos indebidos, mal uso de información privilexiada, salvagarda de datos persoais, regalos, etc?					
1.3. ¿Existen procesos de difusión e comunicación do código ético e de conduta de xeito periódico? ¿Avaliase o seu coñecemento e comprensión por parte do persoal da entidade?					
1.4. ¿Tómanse accións disciplinarias apropiadas en resposta a desviacións dos procedementos aprobados ou violación do código de conduta?					
1.5. ¿Existen medios de denuncia ou canles de comunicación que permitan ao persoal da entidade, provedores ou interesados en xeral facer unha denuncia? ¿Hai un responsable que as recibe e canaliza para a súa investigación e solución?					
2. COMPROMISO COA COMPETENCIA PROFESIONAL					
1.6. ¿Existen perfís para cada cargo, e cada posto de traballo ten especificados os requisitos de coñecementos ou habilidades que se requiren para o seu desempeño?					
1.7. ¿O persoal da entidade é suficiente para manter o nivel de actividade da entidade?					
1.8. ¿O persoal conta coa capacidade e formación necesaria para o posto de traballo/responsabilidade asignada?					
1.9. ¿Valórase a asistencia e aproveitamento da formación?					
3. FILOSOFÍA DA DIRECCIÓN					
1.10. ¿Os directivos da entidade colaboran no deseño, divulgación e seguimento da xestión da ética?					

Directrices técnicas avaliación control interno

1.11. ¿A entidade ten creado algunha unidade de control interno?					
1.12. ¿A entidade presta atención ao control interno (retroalimentación controis)?					
1.13. ¿A entidade preocúpase pola función orzamentaria e contable e pola confiabilidade da información financeira e non financeira?					
1.14. ¿A entidade realiza campañas de recordo periódico?					
4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA					
1.15. ¿ Existe un organigrama actualizado?					
1.16. ¿O organigrama define claramente as liñas de autoridade, responsabilidade e dependencia?					
1.17. ¿Existen políticas e procedementos adecuados para a autorización e aprobación de operacións?					
1.18. A xuízo dos responsables, ¿existe unha clara e axeitada segregación de funcións entre autorización, execución, rexistro, recepción, pago, ou control de operacións?					
1.19. ¿Existen políticas ou procedementos axeitados para a segregación de actividades incompatibles, conflitos de intereses, prácticas de seguridade, prevención da corrupción?					
5. POLÍTICA DE RECURSOS HUMANOS					
1.20. ¿A entidade dispón dun plan de recursos humanos?					
1.21. ¿A contratación de persoal cumpre estritamente cos principios de igualdade, mérito e capacidade?					
1.22. ¿A entidade ten un plan de formación do persoal?					
1.23. ¿A entidade ten establecido sistemas de avaliación do desempeño?					
1.24. ¿A entidade ten establecido políticas de rotación de persoal, que impida clientelismo e amizade, en especial cos provedores?					

VII.2. AVALIACIÓN DE RISCOS

A administración de riscos é o proceso de identificación e análise dos riscos aos que se enfrenta a entidade na procura do cumprimento dos seus obxectivos e de deseño das respostas apropiadas a aqueles. Esta avaliación proporciona as bases para a identificación dos riscos, a súa análise, catalogación e valoración, así como para o deseño das repostas que minimicen o seu impacto.



CUESTIÓNS/ Criterios de avaliación	PUNTUACIÓN				
	1	2	3	4	5
1. OBXECTIVOS INSTITUCIONAIS					
2.1. ¿A institución conta cun documento de planificación no que se establezan obxectivos e metas estratéxicas ou operativas vinculados á normativa que regula as súas funcións?					
2.2. A partir dos obxectivos ¿establecéronse subobxectivos ou metas específicas para as diferentes unidades ou áreas da institución?					
2.3. ¿A institución realiza unha avaliación do cumprimento dos obxectivos da súa planificación?					
2.4. ¿A orzamentación e asignación dos recursos realízase en base aos obxectivos establecidos pola institución?					
2.5. Na institución ¿existe unha unidade específica ou un comité ao que se lle asigne formalmente a administración de riscos con medios e autonomía para o exercicio das súas funcións?					
2. ACTIVIDADES DE RISCO					
2.6. ¿Na institución están identificadas as principais actividades ou áreas de risco de corrupción?					
3. AVALIACIÓN DE RISCOS					
2.7. ¿A institución avalía o grao de relevancia e probabilidade dos riscos que puidesen afectar ao cumprimento dos seus obxectivos, incluídos os riscos de corrupción?					
2.8. ¿A institución conta con mecanismos para identificar os diferentes tipos de transgresións á integridade?					
4. RESPÓSTAS AO RISCOS					
2.9. A institución, no seu caso co apoio das instancias especializadas (Comité de Ética), ¿ten adoptado medidas de resposta aos posibles riscos de actos corruptos e contrarios á integridade nos procesos que leva a cabo?					
2.10. Identificación e valoración de riscos. Indique os procesos considerados como susceptibles de actos de corrupción (contratación pública; subvencións...), indicando se se realizou unha identificación e valoración de riscos.					

VII.3. ACTIVIDADES DE CONTROL

As actividades de control son os procedementos establecidos para diminuír os riscos e lograr os obxectivos da entidade. Neste sentido, a entidade é responsable de que existan controis apropiados,

Directrices técnicas avaliación control interno

de que funcionen de acordo cun plan ao longo do tempo, que teñan un custo adecuado, e que sexan entendibles, razoables e estean relacionados directamente cos obxectivos de control.

CUESTIÓNS/Criterios de avaliación	PUNTUACIÓN				
	1	2	3	4	5
3.1. Existen políticas e procedementos para controlar cada unha das actividades da entidade					
3.2. As actividades están segregadas entre diferentes persoas, para reducir os riscos de fraude ou vulneracións da legalidade					
3.3. Realízanse actividades de conciliación e verificacións					
3.4. Están establecidos controis de acceso a recursos e arquivos					
3.5. Especial referencia ás tecnoloxías da información					
3.5.1. A entidade ten preparado e aprobado a política de seguridade, incluíndo a definición de roles e a asignación de responsabilidades. (Marco organizativo)					
3.5.2. A entidade procedeu á categorización dos sistemas en función da información dispoñible e á avaliación dos riscos existentes. (Marco operacional. Planificación)					
3.5.3. A entidade ten implantadas medidas de seguridade para protexer os recursos do sistema. (Marco operacional. Control accesos)					
3.5.4. A entidade ten implantadas medidas de seguridade para protexer os activos do sistema. (Marco operacional. Explotación)					
3.5.5. A entidade ten implantadas medidas para a xestión continuada da seguridade dos servizos externos contratados. (Marco operacional. Servizos externos)					
3.6. ¿O enfoque do control interno atende á prevención de riscos da corrupción e de condutas inapropiadas?					
3.7. ¿Existen mecanismos de detección e resposta ante actos de corrupción ou condutas inapropiadas?					

VII.4. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

A información e comunicación son esenciais para a execución dos obxectivos do control interno. Os sistemas de información e comunicación contribúen á identificación, captura e intercambio de

información relevante, de xeito que permiten á dirección e ao persoal cumprir coas súas funcións. A información ten que ser apropiada, oportuna, actualizada, exacta e accesible.

CUESTIÓNS/ Criterios de avaliación	PUNTUACIÓN				
	1	2	3	4	5
4.1. ¿A entidade ten implantado os medios que permitan a cada unidade administrativa elaborar información pertinente e de calidade para a consecución dos obxectivos e o cumprimento da normativa aplicable?					
4.2. ¿Existen políticas para que cada unidade administrativa comunique internamente información pertinente e de calidade para a consecución dos obxectivos e o cumprimento da normativa aplicable?					
4.3. ¿Existen canles para captar información externa relevante e canles formais de comunicación con outras entidades, provedores, contratistas, etc. das normas éticas que rexen na entidade?					

VII.5. SUPERVISIÓN

O seguimento inclúe as actividades deseñadas coa finalidade de mellorar de xeito continuo o control interno, mediante a vixilancia e avaliación periódica da súa eficacia, eficiencia e economía.

CUESTIÓNS/ Criterios de avaliación	PUNTUACIÓN				
	1	2	3	4	5
5.1. ¿Existe unha planificación da actividade de supervisión?					
5.2. ¿Existe coordinación entre os distintos niveis de supervisión nas súas avaliacións do control interno?					
5.3. ¿As actividades de supervisión son suficientes e abranguen os procesos máis relevantes?					
5.4. ¿As avaliacións son independentes, alcanzan aos órganos de goberno e teñen en conta a xestión de riscos?					
5.5. ¿Os resultados das revisións documéntanse, comunícanse á área afectada e aos órganos de goberno, e son obxecto de seguimento?					